

INSTRUCCIÓN PARA A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES PROPOSTAS DA MATERIA DE INGLÉS – 4º DE PRIMARIA

SEMANA 30/03/20 – 3/04/20

IMPORTANTE ANTES DE COMEZAR A TRABALLAR! Todas as actividades débense realizar no caderno de inglés, **non fai falta imprimir nada**.

Ante calquera dúbida de vocabulario, acordádevos de **consultar** o seguinte dicionario en liña: <https://www.wordreference.com/>

Haberá exercicios nos que atoparedes palabras que descoñecedes. Como sempre vos digo en clase, **antes de deixar unha pregunta sen contestar, buscade o significado de cada palabra que non saibades**. Iso axudaravos a comprender o sentido da pregunta e, polo tanto, a ser capaces de facela. **Lembrede que é mellor intentar facelo que non facer nada**, pois os que deixades de practicar e perdedes esa oportunidade sodes vós. **Sodes perfectamente capaces e con esforzo todo se consegue!** 😊

As tarefas desta semana, como as da anterior, están programadas en base ó horario normal da materia de inglés, é dicir, tres sesións semanais.

Debido a que se vai manter o calendario escolar, **este venres 3 de abril daranse por comezadas as vacacións de Semana Santa, rematando o día 13 de abril (este incluído)**. Isto quere dicir que **ata a volta destas vacacións, o martes 14 de abril, non se subirá á web do colexio ningunha actividade ou contido da materia**.

Ademais das fichas, veredes que adxuntei un documento titulado **“Answers”**, o cal inclúe as respostas para corrixir unha vez as actividades estean rematadas. É importante e recomendable **revisar todo o feito antes de corrixir** para darse conta dos posibles erros.

Ó final atoparedes unha ligazón para acceder a Kahoot!, un xogo no que se repasarán de xeito individual os contidos desta unidade e da anterior como ferramenta de autoavaliación.

Por último, gustaríame que antes de que nos vaíamos de “vacacións”, me deixedes, tanto o alumnado como as familias, as vosas opinións sobre estas clases online no correo que vos proporcionei. Tereino en consideración para a organización da seguinte avaliación e así axustarme mellor ás vosas necesidades dentro das medidas que sexan posibles e as circunstancias que se presenten. Gracias!

- **Ficha 1: Jobs exercises.**

Nesta ficha veredes que hai dous exercicios:


- No primeiro, tendes que observar a imaxe e escribir no caderno as profesións correspondentes **en orde**, de esquerda a dereita, pois na folla de respostas aparecerán así. Se non o facedes deste xeito, custaravos comprobar todo e posiblemente non o corrixades debidamente.
- Na segunda actividade tendes que **copiar as frases na libreta** e completar o espazo en branco coa profesión que consideredes segundo a descrición que se vos fai. Tendes que empregar os oficios vistos no exercicio 1.

Unha vez rematedes e revisades ambos exercicios, comprobade e corrixide as respostas no documento titulado “**Answers**”.

- **Ficha 2: Present simple worksheets.**

Neste completo documento observaredes que hai varias follas con diversos exercicios. Tamén veredes na primeira páxina uns cadros para lembrar a conxugación en todas as formas do presente simple con “do” e “does”. Nos apuntes de clase do voso caderno e no “Pupil’s Book” tendes tamén a explicación detallada.

En clase estudamos que na **terceira persoa de afirmativo** (he, she, it), hai que engadir unha -s ó verbo. Pois ben, no seguinte cadro tendes a explicación das normas que hai que seguir ó engadir o -s, pois non é igual con todos os verbos. Depende das terminacións, teremos que engadir máis que unha -s. No cadro, o mesmo que atoparedes no documento, tendes a explicación en inglés de como e cando engadir o -s segundo a terminación do verbo. Elaborei ó lado outro cadro coa explicación en galego para que o entendades ben, pois faremos exercicios para practicalo. É importante lelo e comprendelo ben antes de que vos poñades a facer as actividades. Se tendes calquera dúbida, poñédevos en contacto comigo mediante o correo electrónico que vos proporcionei.



Third person singular

We add **-s** to the verb to form the third person singular (**he, she, it**).

I drink - he drinks

I run - he runs

BUT

- We add **-es** to verbs that end in **-ss, -sh, -ch, -x, -o**.

I watch - he watch**es**

- With verbs ending in **consonant + y**, we change the **-y** to **-ies**.

I cry - he **cries**

But with verbs ending in **vowel + y**, we just add **-s** as usual.

I play - he plays



Terceira persoa singular

Engadimos **-s** ó verbo para formar a terceira persoa do singular (**he, she, it**).

PERO

- Engadimos **-es** ós verbos que rematan en **-ss, -sh, -ch, -x, -o**.
- Con verbos rematados en **consoante + y**, cambiamos o **-y** por **-ies**.

Pero con verbos rematados en **vogal + y**, só engadimos **-s** como soemos facer sempre.

Unha vez temos repasada e explicada a teoría, imos ir actividade por actividade explicando, na orde que aparecen no documento, o que tendes que facer en cada unha. Recordo que todos os exercicios **deben de ser feitos no caderno**, non hai necesidade de imprimir nada:

- A. Neste primeiro exercicio tendes que escribir a terceira persoa afirmativa de cada verbo tendo en conta as normas estudadas.
- B. Aquí hai que ler as frases e escribir o verbo en paréntese en presente na forma correcta. Tende en conta o **pronome** (se é I, you, we, they ou he, she, it), pois dependendo disto, o verbo conxúgase diferente. Consultade sempre os cadros que vos proporcionei para isto. Tende en conta que por exemplo “Peter and Mike” son dúas persoas e poden substituírse polo pronome “they” (eles), “Claire” por “she” (ela) e “Tom” por “he” (el).
- C. Lede o texto e escribide nos espazos en branco o verbo que consideredes dos que se vos proporcionan na caixa. Tendes que conxugalos correctamente. Se hai algún do que descoñecedes o significado, lembrade empregar o dicionario en liña que vos recomendei.
- D. Observade as imaxes e elaborade preguntas e respostas seguindo o exemplo.

- E. Lede a conversa e usade a forma **negativa** ou **afirmativa** do verbo en paréntese segundo corresponda. Lembra de consultar as conxugación dos verbos nestas formas nos apuntes.

Unha vez rematedes e revisades todos os exercicios, comprobade e corrixe as respostas no documento titulado **“Answers”**.

- **Ficha 3: Jobs and what people do.**

Nesta ficha teredes que ler a descrición da profesión e elixir a resposta correcta. Escribide no caderno a descrición e ó lado a letra e o traballo correspondente.

Unha vez rematedes e revisades o exercicio, comprobade e corrixe as respostas no documento titulado **“Answers”**.

- **Ficha 4: Occupations vocabulary missing letters.**

Atoparedes neste documento varias páxinas con palabras incompletas sobre diferentes profesións. Observade o debuxo e escribide no caderno as palabras coas letras correspondentes.

Unha vez rematedes e revisades o exercicio, comprobade e corrixe as respostas que se atopan nas **últimas páxinas do propio documento**. Esta vez non tendes que acudir ó arquivo **“Answers”** como nas anteriores fichas.

- **Ligazóns de repaso da unidade anterior.**

Para repasar, lembrar e practicar un pouco o contido visto na unidade anterior, deixo estas ligazóns con actividades en liña sobre a gramática e o vocabulario da Unit 3. Revisade antes os apuntes, as fichas, o **“Pupil’s Book”** e o **“Activity Book”** para facer os exercicios.

Gramática: **“There is” and “There are”**:

- ✓ <https://agendaweb.org/exercises/grammar/there-is-there-are/index.html> (ó facer clic na resposta, xa vos indicará se é correcta ou incorrecta)
- ✓ <https://agendaweb.org/exercises/grammar/there-is-there-are.htm> (ó facer clic na resposta, veredes un comentario abaixo que vos dirá **“good”** ou **“wrong”** segundo respondades ben ou mal; cando rematedes, facede clic en **“next question para continuar”**)
- ✓ https://www.english-hilfen.de/en/exercises/various/there_is_there_are.htm (facede clic na pestana e seleccionade a resposta correcta; unha vez rematedes de facer todas frases, facede clic en **“check”** para corrixi-la)

- ✓ http://elovivo.com/introenglish/en/intro_english/lessons_wordlist/basic_english_lesson_08/lesson08a_ex.html (selecciona a resposta correcta e cando remates fai clic en “score”, verás así a túa puntuación e os acertos e fallos)
- ✓ <https://www.superprof.es/apuntes/idiomas/ingles/gramatica-inglesa/verbs/exercises-there-is-are-simple-present-i.html>

Vocabulario: “**Around the town**”:

- ✓ <https://agendaweb.org/exercises/vocabulary/city/places-1> (facede clic na resposta que consideredes e automaticamente diravos se é correcta ou incorrecta; despois dálle a “next” para continuar)
- ✓ <https://agendaweb.org/exercises/vocabulary/city/places-2>
- ✓ <https://agendaweb.org/exercises/vocabulary/city/places-3>
- ✓ <http://iteslj.org/v/ei/buildings.html> (fai clic en “start”)
- ✓ https://www.vocabulary.cl/Games/Places_City.htm (fai clic en “next question” cando remates cada pregunta; dirá a puntuación final obtida unha vez respondas todo)

- **Xogo de repaso e autoavaliación: Kahoot!**

Unha vez que rematedes todas as actividades desta unidade, imos xogar a Kahoot!. É importante que o fagades ó final, pois é unha ferramenta para repasar os contidos dados de xeito individual e divertido e tamén de **autoavaliación**. É igualmente moi recomendable que repases non só o vocabulario e a gramática desta unidade senón tamén o da **unidade anterior**, pois haberá preguntas de ambos temas.

Esta vez o Kahoot! vai ser un pouco diferente ó que xogamos na clase, pois non vai haber equipos. É un “challenge” (reto) **individual**, onde teredes que responder ás preguntas vós mesmos e mesmas. Pero segue a haber puntos! Cantos máis consigas mellor, pois significará que lembrás os contidos e que os aprendiches correctamente.

Ollo! **O xogo só estará dispoñible ata este domingo 5 de abril ás 9 da noite**. Se non o completaches antes deste día e esta hora, non terás máis oportunidades para xogar.

Poderei ver quen participou no xogo e quen non, así como a puntuación que obtivo cada xogador. O resultado final **non contará para a nota final da materia**, pero si será unha guía para min.

Importante! Hai diferentes tipos de preguntas, as cales indico a continuación segundo a orde nas que van aparecer:

- **Seleccionar a resposta correcta.**

- **Escribir vós co teclado do ordenador ou móbil (“type”) a resposta.**
- **Ordenar as palabras para conseguir unha frase correcta e con sentido.**
- **Escribir vós co teclado do ordenador ou móbil (“type”) o nome do sitio (“place”).**

Estas son as **instrucións para acceder ó xogo**:

- Abre esta ligazón: https://kahoot.it/challenge/0709632?challenge-id=aa159508-2ce6-4651-b813-7e290f13e3b2_1585524026147 e accederás directamente ó xogo.
- Verás que na pantalla aparece a frase “Join the game” (unirse ó xogo) e debaixo pon “enter nickname”. Aquí escribe **o teu nome** (non un inventado) e despois fai clic en “OK, go!”.
- Unha vez completados estes pasos, poderás comezar a xogar.
- No caso de que non funcione a ligazón anterior, proba a introducir o seguinte código **0709632** aquí: <https://kahoot.it/> . Escribeo onde pon “Game PIN” e logo fai clic en “Enter”. Despois segue os mesmos pasos que están explicados nas liñas anteriores.

É importante que se tendes algunha dúbida ou problema antes de xogar ou no proceso de acceso ó xogo, me escribades ó correo que vos proporcionei, pois unha vez dentro non hai opción de volver atrás. Se pola contra tes problemas mentres xogas ó xogo, para e consúltao comigo mediante correo electrónico.

Enjoy!